

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 10.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 10 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais en Comisión

- 1 2676 (10/POC-000350)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 4 máis
Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar e os apoios técnicos ou económicos recibidos para impulsar a liña de axudas destinadas á participación do sector pesqueiro nas principais feiras sectoriais e alimentarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 2 2807 (10/POC-000416)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 5 máis
Sobre os produtos certificados baixo o selo de calidade "pescadeRías"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 3 3391 (10/POC-000564)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos ocasionados aos mariscadores polo deficiente saneamento da ría de Ferrol, a súa valoración respecto da situación na que se atopan os recursos marisqueiros e as súas previsións no tocante á extracción no ano 2017, así como a presentación dun plan de rexeneración da ría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017
- 4 3732 (10/POC-000618)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do Plan de recuperación da sardiña e exercer as competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión do xeito propio e adecuado á nosa realidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

- 5 4634 (10/POC-000796)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre a situación da nova lonxa de Ribeira
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 6 5271 (10/POC-000907)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Casal Vidal, Francisco
 Sobre os atrasos no cobramento das subvencións para financiar o servizo
 de vixilancia na Confraría de Vilaxoán
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 7 5364 (10/POC-000931)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
 Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para nomear o xerente do
 Sergas como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no
 Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de
 Arousa
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 8 5529 (10/POC-000961)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Villares Naveira, Luis e 3 máis
 Sobre o modelo de acuicultura que defende na actualidade o Goberno
 galego
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2676(10/POC-000350)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 4 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar e os apoios técnicos ou económicos recibidos para impulsar a liña de axudas destinadas á participación do sector pesqueiro nas principais feiras sectoriais e alimentarias

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2676
Data envío: 27/12/2016 19:43:13.658

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Guadalupe Murillo Solis, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As empresas galegas do sector da pesca e transformación dos produtos do mar a través da súa presenza nas feiras e encontros internacionais de maior prestixio teñen a oportunidade de establecer novos contactos con potenciais clientes e reforzar ou iniciar a súa actividade exportadora.

Para colaborar neste obxectivo a Xunta de Galicia vén de establecer distintos apoios que desde o punto de vista técnico ou económico facilitan a participación do sector pesqueiro galego nas principais feiras sectoriais e alimentarias.

Ao longo dos últimos anos a calidade e capacidade do sector pesqueiro galego deixou a súa pegada, coa colaboración do Goberno galego, en feiras tan importantes como a Seafood de Bruxelas, Conxemar, Anuga, en Colonia; Tuttofood, en Milán; Salón Gourmets en Madrid; Expomar, en Burela ou o Forum Gastronómico da Coruña. Tamén certames en Boston, Hong Kong ou Mindelo, en Cabo Verde.

Como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co sector, as axudas impulsadas non só benefician a grandes compañías, senón tamén a pequenas e medianas empresas (PEMES) do sector do mar, que buscan avanzar nas súas estratexias de internacionalización.

Estes e outros apoios deben entenderse como parte dun impulso estratéxico que liderado pola Consellería do Mar busca incentivar os esforzos emprendidos por moitos empresarios galegos no obxectivo de expandir as súas empresas e buscar novos mercados.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o orzamento destinado pola Consellería do Mar para impulsar esta liña de axudas?
- 2.- En que consisten estes apoios? ¿Cales son os seus beneficiarios?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2676
Data envío: 27/12/2016 19:43:13.658

- 3.- Que outras iniciativas desenvolve o Goberno galego para incentivar os esforzos emprendidos no eido marítimo pesqueiro para expandir as nosas empresas e buscar novos mercados?
- 4.- Como se están a comportar as exportacións de produtos do mar na conquista de novos mercados?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2016 19:38:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/12/2016 19:38:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2016 19:38:39

María Ángeles García Míguez na data 27/12/2016 19:38:46

Marta Rodríguez Arias na data 27/12/2016 19:38:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2807(10/POC-000416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 5 máis

Sobre os produtos certificados baixo o selo de calidade
"pescadeRías"

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2807
Data envío: 30/12/2016 14:33:31.596

Á Mesa do Parlamento

Carlos Enrique López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez, Aurelio Nuñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O selo pescadeRías é unha marca de calidade creada e rexistrada pola Xunta de Galicia que acredita que os produtos da pesca artesanal e do marisqueo están convenientemente identificados, teñen un alto nivel de frescura e comercialízanse por empresas situadas na nosa Comunidade

Con este selo os produtos do mar procedentes da frota artesanal poden ser distinguidos con facilidade no mercado co que se atopa o consumidor a diario. A certificación ofrece unha garantía de frescura e calidade, de respecto ao medio ambiente e de aplicación dunhas prácticas hixiénicas e de manipulación adecuadas por parte das empresas que os puxeron no mercado.

A boa evolución da certificación a través desta marca e calidade non últimos anos é un exemplo que reflicte o incremento da demanda de alimentos saudables e de produtos ecolóxicos que acrediten calidade e sustentabilidade

A propia Consellería do Mar avanzou que entre os obxectivos estratéxicos para esta nova lexislatura está seguir traballando para que nas grandes cadeas de distribución sigan estando presentes os produtos galegos identificados como tales

Sen lugar a dúbidas os nosos peixes e mariscos son unha inmellorable tarxeta de presentación do mar de Galicia

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal esta a ser a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade PescadeRías?
- 2.- Cantas empresas ou entidades participan actualmente no proceso de certificación de produtos baixo esta marca de calidade?
- 3.- Cales son os principais produtos certificados co selo PescadeRías?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2807
Data envío: 30/12/2016 14:33:31.596

- 4- Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para seguir impulsando ás marcas de calidade e denominacións de orixe, facendo valer a súa distinción nos mercados e a identificación da súa calidade por parte dos consumidores?

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 30/12/2016 14:14:19

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 14:14:41

Alberto Pazos Couñago na data 30/12/2016 14:14:52

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2016 14:15:04

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/12/2016 14:15:17

Marta Rodríguez Arias na data 30/12/2016 14:15:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3391(10/POC-000564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos ocasionados aos mariscadores polo deficiente saneamento da ría de Ferrol, a súa valoración respecto da situación na que se atopan os recursos marisqueiros e as súas previsións no tocante á extracción no ano 2017, así como a presentación dun plan de rexeneración da ría

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:17
Nº Rexistro: 3391
Data envío: 16/01/2017 13:17:23.515



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O estado da ría de Ferrol vén dende hai anos xerando preocupación no sector pesqueiro desta zona, dado o estado lamentable no que se atopa, por unha banda a zona de libre marisqueo leva sen descanso dende hai oito anos, co conseguinte esgotamento do recurso, e polo outro a zona B que precisa dunha rexeneración, dragado e traslado.

O deficiente saneamento provoca que sexa un dos estuarios máis contaminados de Galicia con varias zonas de exclusión, é dicir, sen clasificar e cunha zona de produción, a máis produtiva catalogada como C. O marisco perde calidade e prezo, e a elevada mortandade que ten que ser asumida polas confrarías de Ferrol e Barallobre está poñendo a estas entidades no abismo económico. As persoas que dependen dela economicamente vén perigar o seu emprego e mesmo que teñen que enfrontarse a responsabilidades que en ningún caso son súas. O Goberno galego decidiu no seu momento promover un cambio de modelo na explotación pasando a un modelo que permite a comercialización do produto recollido en zona C, despois de pasar un período de depuración nas bateas de reinstalación colocadas para tal fin pola Consellería do Mar na boca da ría, despois de reclasificar unha zona como A, pero o modelo non funciona e as deficiencias cada vez agrávanse máis.

Ante esta situación, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego enfrontar os prexuízos e responsabilidades ocasionadas aos usuarios dos bancos marisqueiros polo deficiente saneamento da ría de Ferrol?



 **Grupo Parlamentario**

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da situación na que se atopan os recursos marisqueiros da ría de Ferrol, considera que están esgotados?

3ª) Que previsións de extracción ten para este ano?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Ten previsto o Goberno galego presentar un plan de rexeneración para recuperar unha das zonas máis maltratadas dos estuarios galegos, no seu caso, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2017 13:11:46

María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2017 13:12:01

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2017 13:12:12

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 3732(10/POC-000618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do Plan de recuperación da sardiña e exercer as competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión do xeito propio e adecuado á nosa realidade

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3732
Data envío: 19/01/2017 10:43:33.682

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8ª**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña, exercer as competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión do xeito propio e adecuado a nosa realidade.

No ano 2015 trasladábase as confrarías o Plan de xestión para o arte do xeito que a Federación de confrarías elaborou onde se realizaba un reparto das 200 ton de sardiña que o Segepesca lle ofrece a nosa flota do xeito en función de meses de actividade.

Neste plan tamén se contemplaba que se lle denegue a solicitude de cambios temporais desta modalidade as embarcacións que soliciten o xeito de forma temporal e que se viña autorizando provisionalmente cada ano como alternativa para poder subsistir. En anos anteriores autorizábase provisionalmente o xeito por que representaba unha pesquería que pasaba desapercibida e supoñía unha alternativa para capear os baixos ingresos.

Tamén é salientable a proposta dunha Comisión de Control para implantar un réxime sancionador para aquelas embarcacións que non transmitan os datos ou non cumpran os topes establecidos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3732
Data envío: 19/01/2017 10:43:33.682

Con estas medidas estíbese a igualar a pesca de subsistencia, artesanal coa pesca industrial e trouxo como consecuencia que os pescadores do xeito que teñan permex e non pesquen quedarán sen o seu dereito de poder pescar para poder sobrevivir. Un auténtico suicidio para unha flota que se compón de máis de 416 embarcacións autorizadas de pequeno tamaño, e de outras moitas que utilizaban provisionalmente este arte cando outros recursos non lles permitía subsistir e que constitúen un modelo de aproveitamento do recurso, de escasos ingresos e menor incidencia sobre o conxunto do recurso pero de vital importancia para a supervivencia de moitas familias que conforman as comunidades costeiras do noso País.

Este ano, dado que as 200 ton era unha cantidade abusiva para as 315 embarcacións que teñen permex para o xeito, rebaixárona a 175 ton e si esta cantidade é totalmente inadmisíble tivemos que aturar o despropósito dunha serie de resolucións como a do 5 de agosto onde se estableceu unha redución da cota diaria de 30 quilos/tripulante. E outra o 5 de setembro onde esta cota diaria, despois de reunida a Comisión de seguimento do xeito, e solicitado o correspondente aumento, tiñan a ben aumentar a cota diaria a 60 quilos/tripulante a bordo.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña que ten por finalidade regular o arte do cerco? E para exercer as súas competencias

2.- Considera razoable sometelo a unha cota de 175 ton para todo o ano? E sometelo a unha cota individual? Que vai pasar con quen non utilice o permex? Que vai pasar con quen non teña alternancias para poder sobrevivir?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3732
Data envío: 19/01/2017 10:43:33.682

3.- Considera que unha embarcación con 1 ou 2 tripulantes a bordo pode sobrevivir con 30 quilos/día/tripulante embarcado? Sabe canto ten que pagar o propietario dunha embarcación dedicada ao xeito de seguro/botiquín, marpol/faros e sinais, certificados, seguridade, etc? Sabe a canto foi o quilo de sardiña no mes de agosto? E no mes de setembro?

4.-Como se explica que a consellaría renuncie as súas competencias en augas interiores e delegue noutro organismo a proposta do plan do xeito?

5.- Bruxelas estivo a punto de prohibilo por consideralo unha arte esquiladora de mamíferos e aves. Con estas medidas non está abocada a súa desaparición? Ten algo que ver o mal estado do stock coa actividade desenvolvida polo xeito? Non debería ser esta arte exemplo de sostibilidade e emprego? Fai algo para que sexa así?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 10:43
Nº Rexistro: 3732
Data envío: 19/01/2017 10:43:33.682

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2016 18:37:15

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2016 18:37:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2016 18:37:25

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2016 18:37:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2016 18:37:30

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2016 18:37:34

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 4634(10/POC-000796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación da nova lonxa de Ribeira

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 13:17
Nº Rexistro: 4634
Data envío: 07/02/2017 13:17:27.072

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á situación da nova lonxa de Ribeira.

En agosto de 2015 publicábase a Resolución pola que se daba a coñecer o concurso público, procedemento aberto e sistema multicriterio, para a selección de oferta para o outorgamento de concesión de ocupación de dominio público portuario con destino ao desenvolvemento das actividades portuarias inherentes á explotación e xestión da nova lonxa no porto de Ribeira.

Unhas instalacións que foran adxudicada no 2011, a empresa Acciona por un importe de 17,3 millóns de euros que viña a suplantar a vella lonxa que era xestionada polo concello de Ribeira, o cal renunciou a súa competencia a través dun Acordo Plenario onde lle deixaba o campo libre a Portos de Galicia para poder sacala a concurso.

Dito concurso quedou deserto ao non presentarse ningunha oferta, despois de transcorrido case un ano Portos de Galicia sacou un concurso onde se modificaron substancialmente as condicións de xeito que unicamente se presentou unha única proposta sendo adxudicataria da mesma a UTE LONXA DE RIBEIRA, S.L en base a unha proposta económica consistente no 1,5% sobre o valor da venda en lonxa, por un período de concesión de 3 anos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 13:17
Nº Rexistro: 4634
Data envío: 07/02/2017 13:17:27.072

O procedemento foi curtísemo e totalmente escurantista, de xeito que existe un gran rebulo en Ribeira, pois non se sabe exactamente quen está detrás desta UTE, e falase de que os usuarios pasarán a pagar ao 3% do valor da pesca descargada. Cuestións todas que trasladan unha gran incerteza e que nos gustaría que fosen aclaradas para clarificar o modelo de xestión, os fondos investidos, a necesidade de mellora das instalacións e a posibilidade de ofrecer un mellor e máis económico servizo aos usuarios.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Cales son as razóns para que a Xunta elixa un modelo de xestión privado, na vez da xestión pública directamente ou a conformación dun ente onde participen os principais actores sectoriais e a administración pública?

-Cal é o investimento total que se leva realizado na Lonxa nova de Ribeira?

-Canto tempo leva paralizada dende que se rematou?

-Cales son as razóns de que o primeiro concurso quedara deserto?

-Cal é a explicación de que se resolvera o segundo concurso nun prazo tan corto de tempo?

-Cantos fondos públicos se van investir para dotala de material necesario para o inicio da actividade?

-A empresa adxudicataria vai realizar algún investimento para acondicionar as instalacións?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 13:17
Nº Rexistro: 4634
Data envío: 07/02/2017 13:17:27.072

-Por quen está constituída a adxudicataria LONXA DE RIBEIRA, S.L?

-Cal é a razón de que non entraran na UTE organizacións directamente vinculadas ao sector como a confraría de pescadores?

-Que papel pasa a xogar o concello de Ribeira? Sabe a que se van destinar as vellas instalacións?

-En que situación queda o persoal da lonxa que pertencía ao concello?

-Tendo en conta que o anterior modelo era de titularidade municipal e primaba a prestación do servizo público e agora a xestión é privada, fíxose a lonxa para mellorar os servizos, a trazabilidade e o valor dos recursos ou para facilitar o negocio da empresa adxudicataria?

-Como se vai garantir que non diminúan as rendas dos produtores, que se melloren o prezo do peixe en orixe, se garanta unha trazabilidade que poña en valor a pesca artesanal e o marisqueo?

-Cales son as taxas previstas a aplicarlle @s usuari@s?

-Canto prevé recadar Portos de Galicia con esta adxudicación?

-Cales son as razóns de adxudicar esta concesión por un período de tres anos?

-Que cantidades destinou a Xunta nos dous últimos orzamentos para mellorar as condicións de atraque e seguridade? Cantas desas cantidades se gastaron?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 13:17
Nº Rexistro: 4634
Data envío: 07/02/2017 13:17:27.072

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2017 13:14:39

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2017 13:14:45

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2017 13:14:49

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2017 13:14:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2017 13:14:53

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2017 13:14:55

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 5271(10/POC-000907)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre os atrasos no cobramento das subvencións para financiar
o servizo de vixilancia na Confraría de Vilaxoán

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 17:44
Nº Rexistro: 5271
Data envío: 16/02/2017 17:44:57.163



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para o súa resposta oral na Comisión 8.^a**, relativa aos retrasos no cobro de subvencións para financiar o servizo de vixilancia na confraría de Vilaxoán.

Vimos de coñecer a situación das mariscadoras de Vilaxoán que levan sen cobrar as súas capturas desde o mes de decembro.

Os desaxustes entre a aprobación das subvencións para financiar a vixilancia das zonas de marisqueo e o cobro das mesmas ocasiona problemas moi graves de tesouraría ás confrarías. Estes problemas son especialmente graves nas Confrarías máis pequenas que non teñen capacidade financeira propia para adiantar o diñeiro necesario para pagar aos traballadores de vixilancia.

É o caso de Vilaxoán, onde a demora no cobro das axudas autonómicas para o pago da vixilancia e a asistencia técnica deixa ás mariscadoras sen poder cobrar a final de mes o diñeiro que lles corresponde polo seu traballo. Esta situación é especialmente grave no mes de decembro onde se concentra unha parte importante dos ingresos do ano.

O diñeiro que corresponde á confraría polas vendas no seu pósito non chega para facer fronte a todos os pagos que ten que facer a confraría. Desta maneira as que acaban adiantando os fondos son as mariscadoras, á conta das súas propias economías.



A situación é insoportable, xa que ademais dos gastos mensuais habituais como o pago da cota de autónomos que non se perdoa cada fin de mes, únense os gastos extraordinarios que calquera familia ten na época de Nadal.

Os ingresos do mes de xaneiro adoitan ser escasos pola baixada de prezos e polos poucos días que se pode marisquear.

Como consecuencia desta situación, que se repite ano tras ano, algunhas mariscadoras optan por levar o produto do seu traballo a outros pósitos de confrarías máis grandes que dispoñen de máis recursos financeiros para poder pagar aos traballadores de vixilancia entre tanto a Xunta non abona as subvencións. Isto pon en risco a viabilidade das confrarías máis pequenas e supón xestións e gastos extra ás mariscadoras.

A este fin, En Marea presenta as seguintes preguntas ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Cando se convocaron no 2016 as axudas ás confrarías para axudar a financiar os traballos de vixilancia e asistencia técnica?
- 2.- Cando se resolveron as axudas da citada convocatoria?
- 3.- Pensa a Consellería de Pesca aboar de maneira inmediata as axudas para que as mariscadoras de Vilaxoán poidan cobrar o seu traballo do mes de decembro?
- 4.- En que data se pagará?
- 5.- En que data a Consellería de Pesca vai convocar as axudas de 2017?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 17:44
Nº Rexistro: 5271
Data envío: 16/02/2017 17:44:57.163

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 16/02/2017 17:39:20

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 5364(10/POC-000931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para nomear o xerente do Sergas como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 17:40
Nº Rexistro: 5364
Data envío: 17/02/2017 17:40:20.003



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

No DOG do 17 de febreiro de 2017, no apartado de nomeamentos, notifícase que a Consellería do Mar vén de nomear a Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, por resolución do 9 de febreiro de 2017 asinada pola Conselleira de Mar Rosa Quintana.

O Sr. Fernández-Campa é actualmente xerente do Sergas, e a súa carreira profesional vense desenvolvendo no sector da xestión de sanidade dende hai moitos anos. Non entanto, non se coñece a vinculación co sector portuario e marítimo do Sr. Fernández – Campa, polo que resulta difícil comprender os criterios de elección do novo vogal neste Consello de Administración. O nomeamento do Sr. Fernández-Campa substitúe ao anterior secretario xeral de Pesca Juan Carlos Maneiro, o que evidencia a diferenza de perfiles.

Os recentes nomeamentos de membros de empresas con participación pública por parte dos gobernos da Xunta de Galicia ou do Estado, ambos sostidos polo Partido Popular, como este do Sr. Fernández-Campa ou o recentemente coñecido de Arsenio Fernández de Mesa por Rede Eléctrica Española provocan unha sensación de ausencia absoluta de rigor e despreocupación pola eficiencia na xestión e/ou criterios políticos optimizados. No caso específico mencionado do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, este nomeamento súmase ao da presidenta da propia Autoridade Portuaria, Sagrario Franco, licenciada en Medicina, residente no sur da provincia de Pontevedra, sen ningunha vinculación con Vilagarcía e sen experiencia no sector portuario.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que criterios utilizou o Goberno galego para o nomeamento do xerente do Sergas como vogal dun Consello de Administración Portuario?
2. Considera o goberno Galego realmente apropiado este nomeamento? En que aspectos considera o Goberno que o xerente do Sergas pode realizar achegas de relevancia ao Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa?
3. É consciente o Goberno galego do nivel de preocupación existente na ría de Arousa pola despreocupación e a absoluta falta de rigor nos conselleiros e presidentes nomeados para o Consello de Administración do Porto de Vilagarcía, sen vinculación algunha coa ría e co sector do mar?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

María Dolores Toja Suárez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2017 17:38:00

María Dolores Toja Suárez na data 17/02/2017 17:38:05

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 10.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 5529(10/POC-000961)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre o modelo de acuicultura que defende na actualidade o
Goberno galego

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Juan José Merlo Lorenzo e Francisco Casal Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

A Xunta ven de publicar a orde 37 do 22 de febreiro, pola que se regulan axudas para a produción acuícola en Galicia, na mesma aparecen confirmadas algunhas das liñas estratéxicas da “defunta” lei de acuicultura de Galicia, aparicións que demostran a intención da Xunta de continuar na senda dun modelo acuícola que foi masivamente rexeitado polo sector.

Na orde ademais da exclusión expresa da maioría do sector, atopamos diversas consideracións que amosan aposta pola acuicultura industrial lesiva para o medioambiente, e os nosos métodos tradicionais de produción, así a orde recolle como obxectivos da orde de axudas a acuicultura destinadas a promoción de cultivos para alimentación animal, ou usos non alimentarios, como o biocombustible ou a cosmética, así como a introdución de especies que supoñen un risco para a pervivencia dos nosos ecosistemas mariños como a perca ou o esturión.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Que modelo de acuicultura defende o Goberno galego, continúa a súa aposta por unha acuicultura intensiva nociva para o noso medio?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2017 17:47
Nº Rexistro: 5529
Data envío: 22/02/2017 17:47:58.169

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2017 17:46:16

Francisco Casal Vidal na data 22/02/2017 17:46:32

Juan José Merlo Lorenzo na data 22/02/2017 17:46:59

Luis Villares Naveira na data 22/02/2017 17:47:14